


Dobre factor de autenticación para inicio de sesión nas aplicacións.

Instalar *MS Authenticator* no seu teléfono móbil. *Omita este paso se xa ten instalada esta aplicación.*

Temos dúas opcións para levar a cabo a instalación desde a tenda de aplicacións do seu teléfono Android ou Apple. A primeira sería ir directamente á tenda; a segunda axudándonos dun código QR para escanear:

Opción 1: abra a tenda aplicacións correspondente ao seu tipo de teléfono, elixindo *MS Authenticator* e instalándoa:



Opción 2: abra no seu ordenador o enderezo <https://www.microsoft.com/es-es/account/authenticator> escaneando desde o móbil o código QR que corresponda: Google Play, para os Android, e App Store, para os Apple. Entrará directamente na instalación de *MS Authenticator*.



Esta aplicación non ten cargos económicos polo que, se pide habilitar un xeito de pago, prema en “Saltar” ou botón similar que evite a pantalla de pago.

Se ten instalado un bloqueo de pantalla por pegada dactilar ou padrón xeométrico, pedíralle aplicalo para rematar a instalación.

IMPORTANTE! Ao rematar a instalación **detéñase** se aparece esta pantalla:



Non engada a súa conta polo momento. Daremos de alta a súa conta profesional no transcurso do segundo paso, cando configuremos os mecanismos da autenticación de dobre factor.